

2.4. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica:		
a) Por cada título profesional de Música ou Danza:	0,500 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado para ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
b) Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas.	0,500 puntos	
c) Por cada título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño.	0,200 puntos	
d) Por cada título de técnico superior de formación profesional.	0,200 puntos	
e) Por cada título de técnico deportivo superior.	0,200 puntos	
III. Outros méritos: máximo 2 puntos.		
3.1. Dominio de linguas estranxeiras.		
3.1.1. Nivel C1 ou superior. Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acredite un nivel de coñecemento de idiomas, expedido por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER).	1 punto	Copia do título correspondente co certificado de acreditación dunha lingua estranxeira clasificado polo Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER)
3.1.2. Por cada título estranxeiro do nivel equivalente ao nivel B2 (nivel avanzado), sempre que non se acredite o título equivalente da escola oficial de idiomas da epígrafe 2.4.b) no mesmo idioma.	0,50 puntos por cada título	
3.2. Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo polo que se presente, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por institución sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades estean expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.		Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase, ademais, acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.

